

CONVOCATORIA 2019 DE AXUDAS PROPIAS PARA O FINANCIAMENTO DE VISITAS DE PERSOAL INVESTIGADOR/DOCENTE NA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CITACA

A Agrupación Estratéxica CITACA constitúese como a unidade de traballo estratéxica dentro da área de investigación do Campus da Auga. Esta convocatoria obedece ao cumprimento das accións recollidas dentro do seu Plan de Actividade nos Eixos:

- **Formación e Captación de Talento**, dentro da Liña de Actuación 1, "Formación Continua e de Excelencia para o Desenvolvemento Profesional de Investigadores/as".
- **Internacionalización**, dentro das Liña de Actuación, 1, "Proxección Internacional" e 2, "Consolidación de Relacións Internacionais", que favorezan a colaboración internacional en materias de docencia e investigación coa finalidade de abordar retos mais ambiciosos

1. Obxecto

A convocatoria ten como obxectivo atraer a persoal investigador/docente de prestixio, en especial internacional, que contribúa á formación dos integrantes de CITACA e/ou á internacionalización de CITACA, no ámbito dalgunha das tres **áreas de investigación** prioritarias de CITACA:

-Auga e Solo: Protección dos recursos hídricos. O seu obxectivo é potenciar os servizos ecosistémicos do solo en función da súa protección, conservación e depuración da auga nun contexto de agricultura maioritariamente convencional e de valorización de subprodutos e de augas residuais potencialmente contaminantes.

-Producción primaria sostible. O seu obxectivo é potenciar o aproveitamento racional dos recursos, insumos e subprodutos implicados na produción primaria agrícola mediante o desenvolvemento de procesos, metodoloxías e tecnoloxías para un uso eficiente e seguro dos mesmos.

-Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade. O seu obxectivo é potenciar o desenvolvemento dunha industria agroalimentaria competitiva e sostible baseada na produción de alimentos seguros, de elevada calidade nutricional, organoléptica e funcional, e que reduza o consumo da auga e outros recursos.

De forma xeral, e en concordancia co Campus da Auga, serán tamén de prioridade todas aquelas áreas de investigación que teñan como elemento vertebrador a consideración da auga como o eixo primordial que conecta todas as etapas do ciclo produtivo, tendo en conta o aproveitamento dos residuos xerados en cada etapa, a súa relación co medio ambiente, e a calidade da auga como recurso vulnerable que precisa conservación.

Tamén se considerarán de interese aquelas áreas de investigación que aínda non estando directamente relacionadas co ámbito temático descrito, poidan xerar sinerxias ou proporcionen ferramentas científico-tecnolóxicas aplicables ás áreas indicadas.

A finalidade última desta iniciativa é favorecer unha investigación multidisciplinar que promova novos obxectivos máis ambiciosos, e áreas de coñecemento excelente e híbridas, favorecendo ademais a proxección internacional de CITACA a través da promoción e consolidación das relacións con universidades e centros de investigación de prestixio, que faciliten a xeración futura de colaboracións recorrentes que permitan consolidar alianzas estratéxicas.

2. Actuacións obxecto das axudas

2.1. Conferencias/Charlas dirixidas ao persoal adscrito a CITACA, coa posibilidade de que poidan tamén ser abertas á comunidade universitaria e ao público en xeral, especialmente no caso de charlas de divulgación.

2.2. Seminarios/Obradoiros especializados para capacitación/formación do persoal investigador ou técnico de CITACA e dos seus estudantes.

2.3. Cursos de formación programados por CITACA para alumnado externo.

2.4. Participación en reunións ou xornadas de traballo organizadas por persoal investigador de CITACA nos centros adscritos á Agrupación, coa finalidade de promover a colaboración en temas de investigación.

2.5. Participación nalguna outra actividade de CITACA, previa xustificación da súa vinculación coa docencia, investigación e transferencia de coñecemento en áreas de interese de CITACA.

3. Solicitantes das axudas e Requisitos do persoal visitante

3.1. Solicitantes. Persoal Docente e Investigador (PDI) permanente e postdoutorais de programas, pertencentes a un grupo de investigación adscrito a CITACA. Só se concederá unha axuda por solicitante.

3.2. Requisitos do persoal visitante. Profesores/as, Investigadores/as, Profesionais de recoñecido prestixio internacional/nacional, que desenvolvan a súa actividade docente e/ou investigadora en áreas de interese para CITACA.

4. Contía e conceptos susceptibles de axuda

A contía máxima dispoñible para esta convocatoria ascende a **9.000,00 €**.

Poderán ser obxecto de axuda os seguintes conceptos de gasto, nas condicións e coas limitacións establecidas por esta convocatoria. O importe final da axudas concedida será establecido pola Comisión de Investigación atendendo ao orzamento presentado na solicitude. Serán financiados os seguintes conceptos:

- **Desprazamento.** (O importe por desprazamento deberá estar axustado ás tarifas máis económicas posibles e razoables).
- **Aloxamento.** (O importe por aloxamento non poderá exceder de 65,95€ por día, ata o esgotamento do crédito dispoñible).
- **Outros gastos:** No caso de ser necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade, e estean debidamente xustificadas, poderán ser financiados tamén os seguintes conceptos de gasto: Pagos de honorarios a persoal visitante; Material funxible; Servizos externos; Manutención de persoal visitante (ata un máximo de **37,40€/día**, aplicando os impostos que correspondan).

Estas axudas están financiadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia dentro do programa de "Axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia", na convocatoria 2018.

5. Características das solicitudes

A estancia desenvolverase nun único período e deberá realizarse entre o **1 de xaneiro e o 15 de novembro do 2019**.

O centro receptor debe ser algún dos centros adscritos a CITACA.

O PDI ou postdoutoral solicitante exercerá como anfitrión e será o encargado de promocionar a/s actividade/s, nas que se deberá facer referencia a CITACA como entidade financiadora.

6. Formalización das solicitudes e prazo de presentación

Poderá presentar solicitudes o Persoal Docente e Investigador (PDI) permanente e o Persoal Postdoutoral de Programas, pertencentes a un grupo de investigación adscrito a CITACA.

O prazo de presentación de solicitudes comezará **o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na páxina web de CITACA** <http://citaca.uvigo.es/>, e permanecerá aberto ata o día **23 de setembro**.

As solicitudes serán remitidas pola persoa solicitante en formato electrónico á dirección de correo da Secretaría Técnica de CITACA: citaca@uvigo.es, incluíndo o **formulario de solicitude**, (**Anexo I**), e a **documentación requirida** segundo se indica no **apartado 7. Contido das solicitudes**.

7. Contido das solicitudes

As solicitudes presentadas deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Solicitude de participación (Anexo I).

b) Memoria da actividade (Anexo II).

c) Orzamento co detalle dos gastos para os que se solicita financiamento (**Anexo II**)

d) Currículum vitae do persoal visitante (máximo 4 páxinas), resaltando os méritos científico-técnicos e ou docentes, e a relevancia do seu perfil en relación á actividade proposta.

8. Avaliación e selección de solicitudes

A avaliación de solicitudes será realizada pola Comisión de Investigación de CITACA quen arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. Establecendo unha prelación entre as mesmas dacordo aos criterios de valoración fixados nesta convocatoria. Onde a puntuación máxima será de 10 puntos, e para acadar o financiamento será preciso obter un mínimo de 6 puntos.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a) Interese científico, e/ou docente da actividade	2,5 puntos
b) Méritos científico-técnicos e ou docentes do persoal visitante, e relevancia do seu perfil en relación á actividade proposta	2,5 puntos
c) Interese para o desenvolvemento das áreas científicas de CITACA (Auga e solo: Protección dos recursos hídricos; Producción primaria sostible; Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade; Outras de potencial interese).	2,5 puntos
d) Contribución á proxección internacional e a consolidación das relacións internacionais de CITACA.	2,5 puntos

9. Concesión das axudas

A Coordinadora de CITACA á vista da proposta da Comisión de Investigación de CITACA ditará resolución provisional de adxudicación e denegación das axudas, e a listaxe de agarda, nun prazo máximo de dúas semanas dende a data fin de peche de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución poderase presentar solicitude de revisión de avaliación, mediante correo electrónico enviado á Secretaría Técnica de CITACA citaca@uvigo.es. O/a solicitante será convocado para recibir información adicional da avaliación feita pola Comisión de

Investigación. Se despois da revisión procedese, se modificaría a proposta de resolución da Comisión de Investigación.

De existir crédito dispoñible no momento da resolución definitiva, éste será asignado según a orde de prelación que figure na lista de agarda.

10. Procedemento de tramitación dos gastos

Os conceptos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a Secretaría Técnica de CITACA.

Para garantir o pagamento dos gastos relativos ás viaxes (nos conceptos desprazamentos e aloxamentos), é preciso contratar os servizos con provedores autorizados no sistema contable da Universidade de Vigo.

Os gastos financiados deberán estar debidamente soportados en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, dacordo ás obrigas de facturación da Universidade de Vigo.

O importe dos gastos financiados que figure na factura ou documento contable de valor probatorio equivalente presentado como xustificante de gasto non poderá exceder das contías máximas establecidas segundo concepto.

Para máis información sobre o procedemento de tramitación de gastos consultar o **Anexo IV**. E no caso de calquera dúbida, **contactar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

11. Pagamento das axudas

Farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita a Secretaría Técnica de CITACA antes do **21 de outubro**, a seguinte documentación xustificativa da axuda.

-Documentación acreditativa de realización da actividade para a que se solicita o financiamento.

-Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados, dacordo ás obrigas de facturación da Universidade de Vigo. (Ver Anexo II).

-Outros documentos xustificativos dos gastos realizados: Biletetes ou tarxetas de embarque; Comprobante de aloxamento.

-Breve informe resumo da actividade realizada e dos resultados acadados.

No caso de calquera dúbida, **consultar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

12. Obrigas dos beneficiarios/as

As persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Seguir os procedementos de tramitación indicados nesta convocatoria.

b) Incluír o logotipo de CITACA en calquera actividade de difusión realizada.

c) Mencionar nas publicacións científicas que se puidesen derivar da actividade realizada para a que se solicitou o financiamento, a axuda concedida pola Agrupación Estratéxica CITACA, ou como mínimo incluíla nos agradecementos. Unha vez feita a publicación, deberán enviar á Secretaría Técnica de CITACA, a evidencia da mención da axuda.

d) Favorecer, sempre que sexa posible, a visibilidade de CITACA, e a referencia ao financiamento.

e) Presentar un breve informe indicando as actividades realizadas, os contactos establecidos, resultados acadados, ou calquera outra información que se considere relevante. Este informe deberase presentar na Secretaría Técnica de CITACA, no prazo dun mes dende a finalización da actividade realizada.

O incumprimento inxustificable destas obrigas pode derivar en penalizacións, coma a non percepción do total ou dunha parte da axuda concedida, ou a imposibilidade de resultar beneficiado en futuras convocatorias de CITACA.

13. Réxime de incompatibilidades

Estas axudas propias para PDI e postdoutorais pertencentes a un grupo de investigación adscrito a CITACA son incompatibles con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade que financie o custo total da actividade.

Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento, como proxectos de investigación, ou a outras axudas concedidas sempre que o importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade financiada, para o que a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

10. Medios de publicidade

Todas as comunicacións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación na páxina web de CITACA, da que o enlace é: www.citaca.uvigo.es.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude, que en ningún caso terán carácter de notificacións.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

1. Datos de filiación institucional do PDI ou postdoutoral solicitante/s

Apelidos e Nome			
DNI		Grupo de Investigación	
Correo electrónico			Teléfono

2. Datos de filiación institucional do persoal visitante

Apelidos e Nome			
DNI/Pasaporte		Institución e Nacionalidade	
Correo electrónico			Teléfono

3. Documentación adxunta

- Memoria de Actividade (Anexo II) (*Nota.** Xuntar programa provisional, ou calquera outro material informativo da actividade no caso de dispor del no momento da solicitude).
- Orzamento** co detalle dos gastos para os que se solicita financiamento (**Anexo II**).
- Currículo vitae do persoal visitante** (máximo 4 páxinas).
- No seu caso, copia doutras solicitudes de axuda para a mesma finalidade que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.**

Ourense, ... de ... de 2019

Asdo. O/A Solicitante

D./D^a.

ANEXO II. MEMORIA DA ACTIVIDADE E ORZAMENTO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Título			
Tipo de actividade¹			
Centro de traballo			
Grupo/s de Investigación			
Data de Inicio		Data de Fin	

¹Según tipoloxía que aparece no **artigo 2. Actuacións obxecto das axudas.**

a) Descrición da actividade (este epígrafe empregarase para a avaliación do interese científico e/ou docente da actividade) (ata 2,5 puntos)

<ul style="list-style-type: none"> • Relevancia científica da temática obxecto da actividade. • Finalidade da actividade. • Destinatarios da actividade: Tipoloxía e número. • Programa da actividade.
--

b) Descrición dos méritos científico-técnicos e ou docentes do persoal visitante, e relevancia do seu perfil en relación á actividade proposta (ata 2,5 puntos)

--

ANEXO II. MEMORIA DE ACTIVIDADE E ORZAMENTO (CONTINUACIÓN)

c) Xustificación do interese do visitante e a actividade para o desenvolvemento das áreas científicas de CITACA (Auga e solo: Protección dos recursos hídricos; Producción primaria sostible; Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade; Outras de potencial interese) (ata 2,5 puntos)

d) Xustificación da contribución do visitante e a actividade á proxección internacional e a consolidación das relacións internacionais de CITACA (ata 2,5 puntos)

ANEXO II. ORZAMENTO

ORZAMENTO		
PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
Viaxe	Desprazamento	€
	Aloxamento ¹	€
Outros Gastos	Pagos de Honorarios ²	€
	Material Funxible	€
	Servizos Externos	€
	Manutención do Persoal Visitante ³	€
TOTAL		€
ESPAZO PARA XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DOUTROS GASTOS		

1) O importe a incluír será o resultado de multiplicar o importe indicado para aloxamento, (según figura no artigo 4 da convocatoria. Contía e conceptos susceptibles de axuda; 65,95€), polos días previstos da visita.

2) y 3) Aplican impostos de renda de persona física (15% para nacionais, 24% para estranxeiros).

ANEXO III. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE GASTOS

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a Secretaría Técnica de CITACA, de acordo as dous seguintes modalidades de pago:

a) Pago anticipado de desprazamento e aloxamento.

1º. Solicitar á Secretaría Técnica de CITACA a apertura dun expediente de gasto.

2º. Solicitar reserva e factura proforma do desprazamento e/ou aloxamento a través de provedores dados de alta na Universidade de Vigo.

Na factura proforma deberá figurar, de forma detallada, número de expediente, concepto do gasto, importe (base imponible e impostos correspondentes por separado), e os seguintes datos de facturación:

DATOS DE FACTURACIÓN			
ENTIDADE	Universidade de Vigo		
CIF	Q8650002B	CIF CON EXTRANJEROS	PROVEEDORES ESQ8650002B
RAZÓN SOCIAL	Campus Lagoas. Marcosende. 36310. Vigo. Pontevedra		
REFERENCIA (A incluír)	Agrupación Estratéxica CITACA		

3º. Enviar a factura proforma ao correo electrónico da Secretaría Técnica de CITACA: citaca@uvigo.es.

b) Reembolso de gastos de desprazamento e/ou aloxamento xa realizados

1º. Entregar na Secretaría Técnica de CITACA as facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados.

É imprescindible que o provedor que emita a factura estea dado de alta no sistema contable da Universidade de Vigo. Lémbrese que non están permitidas facturas de axencias de viaxes distintas da axencia de viaxes licitada pola Universidade de Vigo (Axencia de Viaxes El Corte Inglés), con data anterior ao 15/06/2019. Nas facturas deberán figurar, de forma detallada, concepto do gasto, importe (base imponible e impostos correspondentes por separado), e os seguintes datos de facturación:

DATOS DE FACTURACIÓN	
ENTIDADE	Universidade de Vigo
CIF	Q8650002B
RAZÓN SOCIAL	Campus Lagoas. Marcosende. 36310. Vigo. Pontevedra
REFERENCIA (A incluír)	Agrupación Estratéxica CITACA

Para a xestión económica dos gastos, poderase contactar coa Secretaría Técnica de CITACA para solicitar asesoramento e/ou apoio na tramitación. Prégase que no caso de precisar soporte por parte da Secretaría Técnica contacten coa máxima antelación para garantir o cumprimento do servizo.